

A AELG conmemora hoxe o Día de Rosalía de Castro

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) difunde na súa páxina web todas as actividades nas que colabora e anima á cidadanía "a agasallar cun libro en galego e cunha flor" durante toda a xornada.

Os novos documentos descubertos iluminan aspectos da vida de Rosalía até o de agora descoñecidos.

23 de febreiro de 2022

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) conmemora, un ano máis, o **Día de Rosalía de Castro**, que a partir deste ano será o 23 de febreiro. acto principal tivérono en Compostela o [pasado sábado](#) mais para esta semana promoven, a través da súa base asociativa, outras actividades en diversas cidades e vilas do país.

Todos poden consultarse, actualizados, a través da súa propia [páxina web](#).

Tamén se poden atopar na páxina as propostas de actividades da AELG para os centros de ensino galegos, así como a listaxe de concellos e institucións que aprobaron en pleno a celebración do Día de Rosalía. Ademais, tamén está dispoñíbel o manifesto para esta

celebración, obra este ano da escritora [Beatriz Maceda Abeleira](#).

Proposta presentada no Parlamento galego

Neste 2022, alén de todas estas propostas, a AELG dirixiuse ao Parlamento galego para, segundo explican nun comunicado, "propoñer a súa participación activa na difusión e recoñecemento da obra e a figura fundadora de **Rosalía de Castro**, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar".

Para esta asociación, "a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva" é un dos "procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural".

Por este motivo piden ao Parlamento que emprenda e apoie "a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto do pobo galego".

Esta entidade busca, desde 2011, institucionalizar ese **Día de Rosalía de Castro** como unha xornada de celebración da literatura galega e animan á cidadanía "a agasallar cun [libro en galego e cunha flor](#)" durante a xornada deste 23 de febreiro.